

2. A CRISE DA MONARQUÍA E A INVASIÓN NAPOLEÓNICA

CARLOS IV (1788-1808)

NAPOLEÓN E O BLOQUEO

- Ante a negativa de Portugal a cumprir o bloqueo decretado por Napoleón, este planifica a súa conquista
- Precisa contra co apoio de España, que autorizou (Godoy) o paso por España das tropas francesas, a cambio de repartirse Portugal e as súas colonias e a creación do reino dos Algarves (Tratado de Fontaneibleau, 1807).

XOSÉ I BONAPARTE (1808-1813)

Tivo o apoio dos **afrancesados***

- Nese momento era rei de Nápoles, é nomeado rei de España
- Napoleón **convoca unha Asemblea** (xunta de deputados españois dos 3 estamentos tradicionais) en Baiona, coa finalidade de conseguir partidarios:
 - Xuraron fidelidade ao novo rei
 - Aprobaron unha lei na que se regulamentaban as relacións entre o novo rei e os seus súbditos: **CONSTITUCIÓN DE BAIONA*** ou **Carta Outorgada**: Conservadora, o rei seguía sendo o centro do sistema aínda que tiña trazos novos. Supuña a ruptura coa tradición política do Antigo Réxime.
 - Autolimitación dos poderes do rei: recollía unha certa separación e limitación destes. Creación dun:
 - Senado, encargado de vixiar as liberdades básicas
 - Creación dun Consello de Estado, con voto consultivo sobre os proxectos de lei
 - Cortes divididas en tres estamentos, con competencias fiscais e orzamentarias
 - Quedaba garantida a oficialidade da relixión católica, a unidade legislativa e contributiva, responsabilidade dos ministros, supresión de certos privilexios e defensa de certas liberdades individuais.

REFORMAS:

- Supresión de dereitos señoriais
- Redución de ordes relixiosas masculinas
- Eliminación de aduanas interiores
- Potenciación da liberdade económica
- Creación de escolas
- Transformación urbanística de Madrid
- Organización en 38 distritos

Tiveron escasa eficacia práctica pola guerra. A derrota dos franceses devolveu a coroa a Fernando VII (Tratado de Valençay) a finais de 1813.

A CRISE DA MONARQUÍA ESPAÑOLA. MOTÍN DE ARAJUEZ E ABDICACIÓNS DE BAIONA

- Crecente Acumulación de poder de Godoy, que provocou resentimento no Príncipe de Asturias, Fernando.
- Crase un grupo opositor ao redor de Fernando, formado principalmente or aristócratas (*partido fernadino*), que desprestixiaron a Godoy e trataron de que o rei abdicase.
- En outubro de 1807 os planes subversivos foron descubertos e abortados
- A entrada das tropas francesas en 1808 provocaron malestar popular
- Godoy, sospeitando dos plan de Napoleón, propón ao rei marchar a América.
- Os reis son trasladados a Aranjuez. Isto aumentou os temores populares e foi aproveitado polos partidarios de Fernando para continuar coa conspiración.
- En marzo de 1808 produciuse o **Motín de Aranjuez***: asalto do palacio e obrigaron a Carlos IV a abdicar no seu fillo Fernando, que foi recoñecido como rei de España.
- Carlos IV pide axuda a Napoleón.
- Coa desculpa de mediar entre pai e fillo, reuniu en Baiona (Francia) aos membros da familia real. Teñen lugar as **abdicacións de Baiona***
 - Fernando foi abrigado a devolver a coroa ao seu pai
 - Carlos IV cede os seus dereitos a Napoleón. A cambio o rei recibía cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia.

SITUACIÓN DE GUERRA NO PAIS: GUERRA DA INDEPENDENCIA

A GUERRA CONTRA NAPOLEÓN

- O traslado da familia real a Francia provocou un gran malestar en Madrid. O **2 de maio**: motín contra os franceses.
- A sublevación xeneralízase: inicio dunha longa e cruenta guerra:
 1. Escaseza de tropas
 2. Participación popular: **guerra de guerrillas***. **Heroes populares**
 3. Patriotismo defensor da tradición, relixión e dos dereitos de Fernando VII.
 4. Axuda dos ingleses para expulsar aos franceses.
- Varias fases:
 1. Ocupación francesa e levantamento popular
 2. Dominio francés. Situación en Galicia.
 3. Repregamento francés e ofensiva hispanoinglesa.

3.- AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812